CES GALICIA RX2021E219 02/07/2021

Manuel Martínez Varela

De: Miguel López Crespo. Unión de Consumidores de Galicia <mlopez@consumidores.gal>
Enviado el: xoves, 01 de xullo de 2021 14:04
Para: CES GALICIA
Asunto: propostas CGCU
Datos adjuntos: Propostas do CGCU ao CES de Galicia.pdf

ATENCIÓN: Este correo electrónico orixinouse fóra da organización.
Non prema en ligazóns nin abra arquivos achegados no correo a menos que recoñeza o remitente e saiba que o contido é seguro.

Ola Manuel

Xunto remito proposta do CGCU para o Ces de Galicia

Un saúdo

Miguel López Crespo
Secretario Xeral

30 Anos de Traballo BENFEITO

UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA

www.consumidores.gal
http://twitter.com/ConsumidoresGal
http://www.facebook.com/ConsumidoresGal

Esta mensaxe e os arquivos transmitidos dirixense exclusivamente ao seu destinatario e poden conter información CONFIDENCIAL, cuxo uso ou divulgación non autorizados están prohibidos pola lexislación vixente. Se vostede recibiu esta mensaxe por erro, pregámoslle nolo comunique inmediatamente por esta mesma vía e proceda á súa destrución.

--
This message has been scanned for viruses and dangerous content by **MailScanner**, and is believed to be clean.

Á COMISIÓN PERMANENTE DO CES DE GALICIA

Don Miguel López Crespo, na súa condición de membro titular do CES de Galicia en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios

EXPÓN

PRIMEIRO. Que coa entrada en vigor o pasado día 1 de xuño da nova estrutura de peaxes e cargos e valores regulados definidos pola CNMC e o Goberno de España, aplicables á factura da electricidade introdúcense importantes modificacións nas características dun servizo esencial para o conxunto da cidadanía. Ao mesmo tempo a evolución dos prezos da electricidade nos mercados maioristas durante o pasado mes de xuño convertiron a este no mes cos prezos da electricidade máis caros que tiveron que enfrontar as persoas consumidoras, así como un importante número de empresario, autónomos e profesionais.

Por outra banda, as medidas anunciadas polo Goberno para tentar reducir os prezos da electricidade (redución dos chamados windfall profits das centrais nucleares e hidráulicas así como a creación do Fondo Nacional para la Sostenibilidad del Sistema Eléctrico) previsiblemente non verán a luz ou non deixarán notar os seus efectos antes do medio prazo.

Neste contexto o CGCU considera que o impacto da suba do prezo da electricidade en particular e da enerxía en xeral non se limitará a estes servizos senón que traerá consigo un aumento xeralizado dos prezos de produtos e servizos de uso común; por este motivo traslada a esa Comisión Permanente a petición de que por parte do CES se faga unha análise e posterior pronunciamento sobre esta nova realidade.

SEGUNDO. Que considera de vital importancia que no desenvolvemento da actividade do CES de Galicia e particularmente na elaboración de documentos dirixidos á cidadanía se avance cara a criterios que garantan a plena accesibilidade dos distintos colectivos de persoas consumidoras vulnerables en atención á súa discapacidade sensoriais, intelectuais ou do desenvolvemento. Asi mesmo considera a implantación de sinalética adaptada nas súas dependencias e mesmo no conxunto do edificio que alberga a súa sé.

En Santiago de Compostela, a 1 de xullo de 2021

Ado. Miguel López Crespo
CGCU